



OFICIALÍA MAIOR

SECCIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Expediente 2025000023580

ASUNTO: Actualización do catálogo de funcións da Deputación

ANTECEDENTES

1. No catálogo de funcións da Deputación aprobado por acordo plenario o 28/09/2018 figura a seguinte denominación “Técnico/a coordinador/a normalización lingüística” e como segunda función “tradución de actas e resolución”, isto último tamén na de “Técnico/a normalización lingüística” (páxs. 24-25/100)
2. A ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña, capítulo XIII, artigo 21, recolle as funcións da Unidade Técnica de Normalización Lingüística publicada no BOP número 186 do 29 de setembro de 2017.
3. As bases da convocatoria das subvención que concede a Deputación para que os concellos contraten persoal técnico de normalización lingüística onde figuran as mesmas funcións que figuran na ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña, capítulo XIII, artigo 21. (FONL/2025 publicadas no BOP número 200 do 16 de outubro de 2024)
4. Orde de servizo notificada o 08/04/2025 e que se xunta no apartado de documentos.

Visto o anterior

SOLICITO

As modificacións seguintes:

Onde di: “Técnico/a coordinador/a normalización lingüística”

Debe dicir: “Xefa da Sección de Normalización Lingüística”

Eliminar “tradución de actas e resolución”

Substituír o anterior por: Funcións recollidas na Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña, capítulo XIII, artigo 21.

A Coruña, á data de sinatura electrónica

O secretario xeral
Miguel Iglesias Martínez

A deputada de Normalización Lingüística
María Soledad Agra Tuñas